

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 13188** *Real decreto 1210/2018, do 28 de setembro, polo que se prorroga a situación de seca declarada para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura polo Real decreto 356/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos.*

A escaseza de recursos hídricos en 2014/2015 no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura conduciu á declaración de seca aprobada polo Real decreto 356/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos, no marco das medidas adoptadas polo Goberno para paliar a situación de seca que se está sufrindo con especial intensidade nesta zona.

Este real decreto tiña unha vixencia temporal até o 31 de decembro de 2015, pero dado que a situación non mellorara nesa data, a declaración de seca foi prorrogada mediante a disposición adicional terceira do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, até o 30 de setembro de 2016.

Con posterioridade e mediante o Real decreto 335/2016, do 23 de setembro, polo que se prorroga a situación de seca declarada para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar mediante o Real decreto 355/2015, do 8 de maio, e para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura mediante o Real decreto 356/2015, do 8 de maio, prorrogouse novamente a declaración até o 30 de setembro de 2017, que novamente se prorrogou até o 30 de setembro de 2018 mediante o Real decreto 851/2017, do 22 de setembro.

A Demarcación Hidrográfica do Segura constitúese como un sistema de explotación único, con dous subsistemas principais, o de bacía e o do transvasamento. Da análise da situación de ambos obsérvase que, ben que o que motivou inicialmente a declaración de seca foi o estado en que se encontraban os aproveitamentos vinculados ao transvasamento Texo-Segura, esta situación de escaseza afecta tamén na actualidade as explotacións que dependen dos recursos propios da bacía.

A falta de precipitacións nestes catro últimos anos nas cabeceiras do Segura e do Texo vén motivando tanto o descenso da achega aos embalses como do volume que estes almacenan.

Unha vez analizada a evolución do sistema de indicadores de estado implantados na demarcación, conséntase que o indicador de estado do sistema global da bacía do Segura, calculado segundo a metodoloxía descrita no vixente Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca, aprobado pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, se encontraba en 1 de maio de 2018 nun valor de 0,380, para un rango de 0 a 1. Este valor identifica un estado de escaseza moderada correspondente a unha situación de prealerta e resulta inferior ao que se daba para o global da bacía na data en que foi aprobado o decreto de seca inicial que era de 0,395.

Naquel momento de inicio da tramitación, as precipitacións recibidas nas cabeceiras do Texo e do Segura e o incremento de achegas derivado destas supuxeron unha leve mellora da situación de emerxencia que existía até o mes de abril, pero véñse detectando un esgotamento desta tendencia ao diminuíren as achegas que se estaban recibindo na cabeceira do Segura e desencorar, aínda con restricións acordadas no seo da Xunta de Goberno, parte dos volumes almacenados con destino á atención dos usos e demandas existentes.

É previsible por tanto que nos próximos meses poida empeorar a situación global actual da bacía, que, en calquera caso, na actualidade aínda se mantén afastada da situación de normalidade (0,380 fronte a 0,500), polo que non pode garantirse que o próximo 30 de setembro de 2018, data en que finaliza a vixencia da actual prórroga do decreto de seca, non se dean as condicións de escaseza que até agora determinaron a necesidade de declarar a seca.

En todo caso, lémbrese que na bacía do Segura se encontra adoptado un sistema de explotación único, como consecuencia do elevado grao de interconexión hidráulica que presenta a práctica totalidade das zonas territoriais e a existencia de recursos alternativos de distintas orixes que se aplican sobre as mesmas superficies ou que se destinan a atender as mesmas demandas e que o subsistema transvasamento si se mantén aínda nunha situación de alerta.

A existencia dunha situación de prealerta no global da demarcación implica, de acordo co aprobado no vixente Plan especial de seca, a adopción da medida de tramitación do Decreto de seca (debe entenderse, por tanto, tamén da súa prórroga), e a alerta nun dos dous subsistemas principais ocasiona a súa activación. Ambas as circunstancias concorren en maio de 2018.

En relación con este subsistema transvasamento resulta necesario observar, en todo caso, o establecido na disposición adicional quinta «reglas de explotación do transvasamento Texo-Segura» da Lei 21/2015, do 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, dado o seu carácter de réxime xurídico prevalente, de modo que a declaración de seca que agora se prorroga non derroga nin permite a inaplicación do réxime especial previsto na dita lei, que será de obrigada aplicación nas distintas situacións que poidan producirse.

Analizadas, a primeiros de setembro de 2018, as previsións que se manexan para o que resta de ano hidrolóxico de achegas e desencoramentos, tanto da cabeceira do Texo como da do Segura, que foron sometidas á consideración da Xunta de Goberno do pasado 15 de xuño, con motivo do trámite de audiencia outorgado, e unha vez que estas foron actualizadas coa última información dispoñible, dedúcese que cun elevado grao de probabilidade o índice do subsistema transvasamento reflectirá unha situación de alerta ao final do actual ano hidrolóxico 2017/18.

Por todo isto só resta un valor de 0,012 para alcanzar o limiar que identifica a entrada en alerta, cando soamente no último mes de agosto o descenso case triplicou a dita cantidade (0,031).

Por todo o anterior, á vista da situación hidrolóxica actual, da información que achegan os indicadores de seca actuais e das previsións que a primeiros do mes de setembro se manexan para a situación ao final do actual ano hidrolóxico 2017/18, faise necesario prorrogar novamente as medidas extraordinarias recollidas no Real decreto 356/2015 até a finalización do ano hidrolóxico 2018/19, en previsión de que esta situación de seca se prolongue ao longo do tempo.

A situación de escaseza exposta motivou a aprobación do Real decreto lei 10/2017, do 9 de xuño, e da Lei 1/2018, do 6 de marzo, polos que se adoptan medidas urxentes para paliar os efectos producidos pola seca en determinadas bacías hidrográficas e se modifica o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e cuxo ámbito de aplicación se proxecta, como non podía ser doutra maneira, na Demarcación Hidrográfica do Segura. De maneira que as medidas contidas neste último instrumento complementan as previstas no mencionado Real decreto 356/2015, do 8 de maio.

A prórroga da declaración de seca realízase neste real decreto de acordo co disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, e en cumprimento do artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e tendo en consideración o estado do sistema e subsistemas de explotación da demarcación segundo o Sistema global de indicadores hidrolóxicos do Ministerio para a Transición Ecolóxica, que integra os indicadores de estado definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca nas bacías

intercomunitarias, aprobados pola Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, en cumprimento do establecido na Lei 10/2001, do 5 de xullo, antes mencionada.

Na elaboración deste real decreto foi oída a Confederación Hidrográfica do Segura, así como todas as comunidades autónomas que poidan resultar afectadas.

Este real decreto adécuase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir a subministración de auga para consumo e para rega dun modo homoxéneo en todo o territorio afectado, o que garante o interese xeral. Tamén se adecua ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que imponha menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adécuase a estes pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, procurouse a participación das partes interesadas e evitáronse cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Dado o carácter de urxencia que reviste esta disposición, derivado das consecuencias que a situación de seca provoca, na súa elaboración abreviouse o trámite de audiencia e información públicas, segundo o disposto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Na súa virtude, por proposta da ministra para a Transición Ecolóxica, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

Artigo único. *Prórroga da declaración de seca aprobada polo Real decreto 356/2015, do 8 de maio, para o ámbito da Confederación Hidrográfica do Segura.*

1. Prorrógase até o 30 de setembro de 2019 a declaración de seca aprobada para o ámbito da Confederación Hidrográfica do Segura polo Real decreto 356/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos. Esta situación prorrogouse inicialmente mediante a disposición adicional terceira do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, e novamente mediante o Real decreto 335/2016, do 23 de setembro, polo que se prorroga a situación de seca declarada para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar polo Real decreto 355/2015, do 8 de maio, e para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura mediante o Real decreto 356/2015, do 8 de maio, e finalmente mediante o Real decreto 851/2017, do 22 de setembro, polo que se prorroga a situación de seca prolongada declarada para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura e se adoptan medidas excepcionais para a xestión dos recursos hídricos.

2. A prórroga establecida no número anterior finalizará no caso de que o organismo de bacía e a Dirección Xeral da Auga constaten que deixan de darse as circunstancias obxectivas que motivaron a declaración, conforme a evolución dos indicadores de Estado establecidos no Plan especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca da Demarcación Hidrográfica do Segura que estea nese momento vixente. Para tal efecto, a Confederación Hidrográfica emitirá o correspondente certificado en que quede acreditado que non é necesario manter a declaración de seca prolongada.

Disposición adicional única. *Gasto público.*

A realización de obras e outras actuacións técnicas que fosen precisas como consecuencia da prórroga da declaración de seca que se establece no presente real

decreto deberán ser financiadas de acordo coa normativa vixente e con cargo ao orzamento da Dirección Xeral da Auga.

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións, nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Concordancia de preceptos entre o Plan hidrolóxico do Segura vixente e o anterior.*

Para os efectos do establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 356/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito da Confederación Hidrográfica do Segura, as referencias feitas aos artigos 23, 33, 26, 48, capítulo IV, e á taboa XI.1 do anexo XI do Plan hidrolóxico do Segura, aprobado polo Real decreto 594/2014, do 11 de xullo, entenderanse feitas respectivamente aos artigos 28, 33, 10, 56, capítulo IV e apéndice 6.1.3 e 6.1.4 do vixente Plan hidrolóxico aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2018.

FELIPE R.

A ministra para a Transición Ecolóxica,
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ